

“Castelao e a emigración”

Reproducimos deseguido un fragmento de *Sempre en Galiza* no que Castelao dá a súa visión da emigración.

- CASTELAO, ALFONSO, R.: *Sempre en Galiza*, Akal, 1994, (Libro segundo, capítulo XX) p. 227-230.



CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Arquivo da Emigración Galega

Falemos da emigración galega xa que me sinto emigrante.

Disque unha tribo de alma viaxeira enfiou o roteiro do sol, e, anda, anda, chegou ao cabo do mundo, á nosa Fisterra, onde ficou varada de asombro, ante a inmensidade e o infindo. E velahí como a alma viaxeira dunha tribo de Oriente enraizou os seus anceios de coñecemento na pedra ígnea do noso chan e formou a primeira capa da nosa nación. Disque outras tribos de alma viaxeira foron chegando, polo mesmo camiño, á nosa Fisterra, e alí vararon os seus anceios, a contemplaren o sol mergullándose nas augas do mar: un dos maiores misterios da antigüidade, o misterio que enxendrou o “terror clásico”. Todos seguían o roteiro do sol (o mesmo camiño que despois seguiron as civilizacións) e todos chegaban á Fisterra, e dende alí só as almas podían camiñar en procura da verdade. Contan que a nosa Fisterra era o peirao en que se embarcaban as almas dos mortos para proseguiren o anceio dos vivos (as arelas de coñecemento obrigaban a andar, e só no cabo do mundo xurdía o inescrutábel alén). Disque a nosa Terra foi invadida por uns homes barudos que traballaban os metais e que se consideraban fillos do deus da morte, en honor do cal contaban o tempo por noites, e que esta tribo domeñou o “mar tenebroso” e chegou a Irlanda, para crear dende alí un novo imposible: o de retonar ás orixes. E así o Pai Sol, que todos os días percorría a vouta do ceo, levado en triunfo polos cabalos astrais, retornaba morto todas as noites ó berce das orixes, conducido polos ciños hiperbóreos, para que se acendese cada mañá en chamas e comenzase de novo a súa carreira triunfal, a sementar a vida no mundo.

Esta é a lenda, que decote se adovía con mil pantasías poéticas; mais despois veu a historia e por ela sabemos que outros pobos diferentes chegaron á nosa Fisterra e que lle infundiron novo carácter; pero ningún invasor foi capaz de roubarlle a alma viaxeira, que xa camiñaba en direccións opostas do mesmo camiño: cara ao alén e cara ás orixes.

Cando se descubriu en Galicia o corpo do Apóstolo a alma viaxeira do mundo antigo abriu novos camiños para chegar á nosa Fisterra e sentir anceios do longano na longanía. E o peregrino xacobeo –cuberto de cunchas de vieira– confundiu co Xudeu errante, e de tanto camiñar deixou no ceo un ronsel de estrelas, que aínda hoxe se chama “o camiño de Santiago”.

Todos os pobos que se asomaron á nosa Fisterra sentiron arelas de traspasar aqueles horizontes visibles e inasequibles, e foi, xustamente, o anceio do “alén mar” o que descubriu este novo mundo, polo que agora navegan as miñas dores e as miñas esperanzas. Non hai dúbida de que o venturoso descubrimento permitiunos a nós abrir camiños virxes e dar acougo ao noso afán de peregrinar. E a alma viaxeira de Galicia formou desde entón, no fondo do Atlántico, un camiño de esqueletos –proseguimento do camiño das estrelas– para deixarmos testemuño oculto e dramático da nosa comunicación con América.

Nós cremos que a emigración galega non se axeita doadamente ás interpretacións materialistas, aínda que as necesidades económicas nos empurrasen decote a buscar terras de mellor vivir. Na vontade de certos emigrantes hai motores máis fortes que a pobreza, como na vontade dos homes sedentarios hai sentimentos que matan a fame. Se así non fose outros pobos españois emigrarían máis ca nós, porque teñen máis necesidades, máis miseria, máis escravitude.

Os emigrantes galegos son empurrados por causas imponderables, que ninguén soubo desentrañar; pero que todos intuímos vagamente. Así os poetas fixeron da emigración o tema máis doroso das súas tristuras crepusculares; os humoristas dixeron que o noso pobo agardaba pola invención dos trasatlánticos para proseguiren a viaxe; os sabios albiscaron que Galicia fuxía da brétema, e que se alongaba en procura de sol, como as plantas. E os economistas afirman que a emigración galega tería fin cando se suprimese a necesidade de emigrar; mais eu preguntaríaalles ós economistas: ¿Cales son as necesidades de emigrar? ¿Cales son as necesidades que en Galicia debemos suprimir? ¿Abondaría comer ben e durmir sen pesadelos para dar acougo ás nosas arelas de ver mundos? Preguntémoslles aos catorce mariñeiros galegos que traballan neste barco e axiña nos decataremos de que, so pretesto de necesidades materiais, emigraron para satisfaceren anceios metafísicos e cumpriren os destinos da nosa raza viaxeira, magoada de saudades e ao mesmo tempo enraizada no chan nativo. ¡Quen sabe se a saudade galega non será outra cousa máis que a loita de dous anceios incompatibles: o de estar e non estar na Terra!

Vai para moitos anos que un artista andaluz me dixo no peirao de Vigo, vendo erguer áncoras a un trasatlántico: “Os españois botan raíces na terra, coma se fosen árbores; mais as vosas raíces son elásticas, de tanta elasticidade que vos deixan dar mil voltas ao redor do mundo”. Aquel artista andaluz falou así despois de ver aos emigrantes galegos rubiren as escadas do vapor con aire de turistas de terceira clase, seguros do retorno.

Aínda que os factores económicos fosen de abondo para explicar o fenómeno migratorio de Galicia é o certo que nós sabemos andar polo mundo á cata de benestar, e que os demais españois moren de fame con tal de non enfiaren camiños descoñecidos. Os galegos sabemos arranxar os *papeis* e pedir unha pasaxe de terceira; sabemos agacharnos nas bodegas dun trasatlántico cando non temos diñeiro; sabemos pillar estradas cun fátelo ao lombo ou empurrando a roda de amolar; sabemos abrir fronteiras pechadas; sabemos, en fin, canto debe saber un bo camiñante, aínda que a viaxe sexa a primeira da nosa vida. En troques os casteláns sofren miseria e escravitude por non alonxárense da familia, dos colchóns, dos pucheiros, dos barreñóns, das tixolas e do gato... Os casteláns non son capaces de confiaren o seu tesouro amoroso á terra en que foron nados, e se algunha vez se aventuran a deixala cangan con todo ás costas, para non contraeren, consigo mesmos, a obriga de retornaren. Os casteláns non se moven do chan nativo ou vanse del para sempre.

Non hai dúbida de que a emigración galega revela unha diferenza de carácter cado se compara co sedentarismo castelán. Hai unha forza que nos empurra cara ao mundo e outra que nos xungue á terra nativa, pois se os camiños nos tentan a camiñar é porque deixamos unha luz acesa sobor da casa en que fomos nados, e alí nos agarda o fin da vida. Andar, andar, andar, e no remate do traballos devolverlle á Terra o corpo que ela nos emprestou.